# Ó PASA-LA PONTE CASTRO

© Manuel Rico Verea

1
Ó pasa-la Ponte Castro
puxen a man no cincel;
vin ós mozos de Arceo
non vin ó meu Manuel.

2
Moza que estás na ventá
coas puntas do pano fóra;
métete, moza pra dentro
que o pano non me namora.

3
Tanto teño de ir e vir,
Maruxiña ó teu lugar;
tanto teño de ir e vir
que unha vez heite levar.

4
Déixame subir ó alto
que no alto vexo ben
pra ver se os meus amores
se enredan con alguén.

